



# CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28 DE FEBREIRO DE 2019

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e oito de febreiro de dous mil dezanove, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

### **Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):**

D. Francisco Javier Santos Maseda  
D.<sup>a</sup> María Begoña Calviño Dorado  
D. José Ramón Lorenzo Carou  
D.<sup>a</sup> Patricia María Vázquez Figueroa

### **Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)**

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)  
D.<sup>a</sup> María del Loreto Caseiras Arroyo  
D.<sup>a</sup> Alicia María Souto Ramos

### **Grupo municipal do Partido Popular (PP)**

D. Yago Lage Caramelo (voceiro)  
D. José Angel Vieiro Amor

### **Concelleiros non adscritos:**

D.<sup>a</sup> Antonia María Sanjurjo Seijas  
D. Juan Antonio Fariña Pedreira  
D. Eloy Babío Veiga

Foron asistidos pola interventora municipal, D.<sup>a</sup> Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria, D.<sup>a</sup> Ana M.<sup>a</sup> Cacharrón Castelos.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 31 DE XANEIRO DE 2019.
2. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2018.
3. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE, -4º TRIMESTRE 2018-.
4. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL SÉTIMA DAS NNSS DE PLANEAMENTO DE BERGONDO, CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS . ACORDOS QUE PROCEDAN.
5. SOLICITUDE DE REVISIÓN DE OFICIO DO ACORDO PLENARIO DO 28.05.2018. ACORDOS QUE PROCEDAN.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

### 6. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

### 7. ASUNTOS URXENTES.

### 8. ROGOS E PREGUNTAS.

#### **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 31 DE XANEIRO DE 2019.**

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do 31 de xaneiro, a través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular á dita acta.

Non formulándose observacións, posta a aprobación a acta da sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2019, por unanimidade de votos a favor (trece), apróbase a referida acta.

#### **2. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2018.**

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

#### **3. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE, -4º TRIMESTRE 2018-.**

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

#### **4. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL SÉTIMA DAS NNSS DE PLANEAMENTO DE BERGONDO, CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS . ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 21 de febreiro de 2019 que transcrita literalmente di:

PL.28/02/2019



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

“EXPEDIENTE 2017/X999/000101

**PRIMEIRO.-** O 2 de marzo de 2016, a medio de Resolución nº 205/2016, adxudicase o contrato menor de servizos para a redacción de varias modificacións puntuais das Normas Subsidiarias do Concello de Bergondo, a arquitecta D.<sup>a</sup> María Ríos Carballeira

**SEGUNDO.-** O 19/10/2016 (asento nº 8470) D.<sup>a</sup> María Ríos Carballeira presenta Documento ambiental estratéxico e borrador da modificación puntual, paxinas 1 a 8 o primeiro e paxinas 11 a 17 o segundo.

**TERCEIRO.-** O 10/02/2017 (asento nº 893) ten entrada Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, pola que se formula o **informe ambiental estratéxico**, no cal acordase **non someter** o a modificación puntual a avaliación estratéxica ordinaria

**CUARTO.-** O 27/10/2017 (RXE nº 7618) D.<sup>a</sup> María Ríos Carballeira, presenta documentación técnica denominada "Modificación Puntual das NSP, Corrección de erros. Concello de Bergondo. Documento para aprobación inicial. Outubro de 2017, que recolle as precisións indicadas no informe ambiental.

**QUINTO.-** Recibíronse os informes sectoriais, indicados no informe do arquitecto municipal do 10/11/2017, que se indican de seguido :

1.- Informe do Ministerio de Fomento, regulado no artigo 11 do RD 1367/2007, zonificación acústica, obxectivos e calidade e emisións acústicas, e sobre estradas os efectos artigo 16.6 da Lei 37/2015. Recíbese o 06/08/2018 RXE nº 4079.

2.-Informe do Ministerio de Fomento os efectos do artigo 7.2 da Lei 38/2015, do 29 de setembro do sector ferroviario. Recíbese o 29/11/2017 (RD entrada nº 20170000008369)

3.- Informe do Ministerio de Fomento, en base a Disposición adicional segunda do RD 2591/1998, do 4 de decembro, sobre ordenación dos aeroportos de interese Xeral e a súa zona de servizo. Recíbese o 09/01/2018, RXE nº 2018000000101.

4.- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, efectuado en base o artigo 24.2.b) do Decreto 158/2005, de 2 de xuño, relativo as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre Recíbese o 06/08/2018 RXE Nº 20180000004075.

5.- Informe da Axencia Galega de Infraestruturas, os efectos do artigo 11 do RD 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro do ruído. Consta efectuada solicitude de informe do 15/11/2017 RXE nº 20179000000309. Non consta recibido.

6.-Informe da Deputación Provincial de A Coruña, os efectos do artigo 11 do RD 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2002, do 17 de novembro de ruído. Consta efectuada solicitude de informe do 15/11/2017 RXE nº 20179000000314. Non consta recibido.

**SEXTO.-** Con data 23/01/2019 (R.D.E nº 20199990000079) d María Ríos Carballeira, presenta documentación técnica denominada “Modificación Puntual das NSP, Concello de Bergondo. Corrección de erros. Documento para aprobación inicial. Xaneiro de 2019,” **CONSIDERANDO**

Os informes do arquitecto municipal, emitidos o longo do expediente de datas 03/11/2016 e 10/11/2017, informe favorable á aprobación inicial de data 17/12/2018, 01/02/2019 e informe aclaratorio de data 06/02/2019.

O informe xurídico emitido pola xurista de urbanismo, de data 15/11/2017 sobre o procedemento a seguir, e informe favorable a aprobación inicial do 15/02/2019, asinado pola xurista municipal, coa conformidade da Secretaria Xeral do Concello e a Interventora.

Tendo en conta, que en relación a os informes non recibidos da AXI e da Deputación provincial, opera o silencio positivo.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

*Tendo en conta que, que concluíron os traballos de redacción do documento necesario para a aprobación inicial da sétima modificación das normas subsidiarias de Bergondo, denominado “Corrección de erros materiais” consonte o contido do artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e que a competencia para a aprobación inicial é do Pleno por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade cos artigos 22.2.c) e artigo 47.2.II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez examinado o expediente, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.-** *Aprobar inicialmente a Modificación puntual sétima das Normas Subsidiarias do Planeamento de Bergondo. Corrección de erros materias, expediente nº 2017/X999/000155, redactada pola arquitecto dona María Ríos Carballeira.*

**Segundo.-** *Someter este instrumento de planeamento, así coma o expediente completo, a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, de conformidade co artigo 60.6 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.*

**Terceiro.-** *Trasladar a documentación aprobada a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que realice as consultas previstas no Informe ambiental estratéxico, dé audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que haberán de ser emitidos no prazo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable, de conformidade co artigo 60.7 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.*

**Cuarto.-** *Solicitar os informes sectoriais non autonómicos preceptivos esixidos despois da aprobación inicial, de conformidade coa lexislación vixente, que indicarán os servizos técnicos municipais.*

**Quinto.-** *A presente aprobación inicial da modificación das vixentes normas subsidiarias non conleva a suspensión de licenzas de tipo algún, por non afectar a clasificación, cualificación urbanística, parámetros das ordenanzas nin aproveitamento urbanístico, consonte o informe do arquitecto municipal do 01/02/2019.*

*Bergondo, na data indicada na marxe*

*A alcaldesa-presidenta. Alejandra Pérez Máquez”*

A Sra. alcaldesa fai unha breve explicación do contido da proposta; principalmente, explica, tratase de corrixir unhas incongruencias existentes entre o texto e os planos das normas. Tense que engadir como Núcleo Urbano o de Bergondo-Miodelo, xunto co de Guísamo, xa que así figuraba nas Normas pero non nos planos.

A Sra. concelleira non adscrita fai unha crítica polo tempo transcorrido dende a contratación desta modificación, tres anos, pero vai votar a favor xa que se corrixen contradicións importantes.

O Sr. voceiro do PP indica que esta modificación vai redundar nunha maior seguridade xurídica para os cidadáns, polo que van votar a favor.

O Sr. voceiro de VB manifesta o seu desacordo en traer tan tarde esta modificación tan necesaria, e que, entre outras cousas, isto poder retraer posibles inversores no concello. Por outra banda non entende como aínda faltan informes sectoriais, ao que a alcaldesa di que é porqué son posteriores á esta aprobación.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleiros non adscritos: Sr. Fariña Pedreira: un (1) voto a favor; Sr. Babío Veiga: un (1) voto a favor; e Sra. Sanjurjo Seijas: un

Pl.28/02/2019



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

(1) voto a favor. **Total trece (13) votos a favor**, que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación consonte co esixido co artigo 47.2.11) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos

### 5. SOLICITUDE DE REVISIÓN DE OFICIO DO ACORDO PLENARIO DO 31.05.2018. ACORDOS QUE PROCEDAN.

- *corríxese no título deste punto da orde do día a data do pleno de maio de 2018-*

Antes de dar lectura á proposta, xustifica a Sra. alcaldesa a urxencia da inclusión deste asunto na Orde do Día, do que falouse pero que non foi debatido na Comisión Informativa do pasado día 21 de febreiro.

De conformidade co disposto nos artigos 82.3 e 97.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese ao voto do Pleno a ratificación da inclusión do punto 5 na orde do día; e por unanimidade de votos a favor (13), - cinco do grupo municipal do PSDG-PSOE; tres do grupo municipal de Veciños de Bergondo; dous do grupo municipal do Partido Popular; e tres dos concelleiros non adscritos - sr. Fariña Pedreira, sr. Babío Veiga, e sra. Sanjurjo Seijas- o Pleno ratifica a inclusión do asunto na Orde do día.

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía, que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE. 2018/X999/000391

*Con data 18.02.2019 e 20.02.2019, preséntase escritos por Vicente Fernández Perles, en representación de algúns titulares afectados polas obras contidas no proxecto de AMPLIACIÓN E SENDA NA DP-0801 DE FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABIO POR S. VICTORIO DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+790, dos que achega escritos de representación, e no que solicita, ao abeiro do artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das AAPP, “...la REVISIÓN DE OFICIO del Acuerdo de este Ayuntamiento adoptado en sesión ordinaria de su pleno de 31.05.2018 en cuanto a su punto 4 del Orden del día, y previos los tramites de rigor, por infracción del art.47.1 del mismo cuerpo legal, acuerde su nulidad de pleno derecho, y, en consecuencia, también del Convenio suscrito al efecto, y, acuerde, en legal forma, someter al trámite de información pública, en legal formal, del ámbito municipal del Proyecto de la Obra DP 0801 DE FRAGA AL CASAL DE SANTA MARTA DE BABÍO POR SAN VICTORIO AMPLIACIÓN Y SENDA, EN EL PK 0+000 AL 0+790 (BERGONDO). VIPI/2018 – INVERSIONES VIAS PROVINCIALES, dándose vista del expediente, a los efectos de formular alegaciones, con todo lo demás procedente”*

*Elevados os devanditos escritos á secretaria do concello, emite informe xurídico o 25.02.2019, que nos seus fundamentos de dereito e conclusións establece:*

“(…) **III-Fundamentos xurídicos:**

**PRIMEIRO.-** *O solicitado polos interesados é a revisión de oficio do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Bergondo, relativo á aprobación do Proxecto AMPLIACIÓN E SENDA NA DP-0801 DE FRAGA AO CASAL*

Pl.28/02/2019



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

*DE STA. MARTA DE BABIO POR S. VICTORIO DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+790, solicitude á Deputación Provincial da sinatura dun Convenio para a execución das obras, en aras a unha mellor coordinación das mesmas, sobre todo no ámbito da seguridade da propia obra, e comprometerse a achegar a contía correspondente á execución dos servizos municipais, delegando a contratación na Deputación.*

**SEGUNDO.-** *Do corpo do escrito dos interesados, exposto ao longo de cinco expoñendo, non se concreta cal é a causa de nulidade de pleno dereito que invocan, con carácter xeral na súa solicitude, na que incurriu o Pleno do Concello de Bergondo, na súa sesión do 31 de maio de 2018, na que se adoptaron os acordos citados, dado que a actuación municipal nesta materia está totalmente subordinada á competencia da Deputación Provincial, no senso de que a indefensión alegada respecto aos seus representados no expediente de expropiación, refírese ao proxecto da Deputación Provincial, e non do Concello de Bergondo, e a esa administración é a quen lle corresponde a súa tramitación.*

*O proxecto de execución de servizos municipais, non se pode executar sen que se leve a cabo o principal da Deputación Provincial (ampliación da estrada e senda peonil), que é o proxecto que comporta as expropiacións obxecto desta reclamación, tendo como administración expropiante das mesmas á propia Deputación, na súa condición de administración titular da estrada.*

*A información pública invocada polos reclamantes corresponde, en todo caso, ao Proxecto que contén as expropiacións que é o da Administración titular da estrada e beneficiaria da mesma.*

**TERCEIRO.-** *Os proxectos municipais de obra non se expoñen ao público, con carácter xeral, segundo a normativa en vigor, e estes investimentos en servizos municipais se executarán xa sobre terreos que pertencen á Deputación, (ou sexa, baixo a senda peonil como se recolle expresamente no Proxecto de obra), que constan no proxecto principal como obxecto de expropiación, de aí a sinatura do Convenio de colaboración coa Deputación Provincial e a delegación no seu favor da contratación correspondente, en aras, como se recolle no texto do convenio, a que se considera necesario coordinar as actuacións para executar as obras incluídas en ditos proxectos, de xeito que se executen simultaneamente os traballos da obra da Deputación e a execución dos servizos municipais, optimizando custos, simplificando a súa execución e reducindo os tempos de execución.*

*En conclusión, que aínda que non se executasen os servizos municipais, levaríase a cabo de xeito idéntico o procedemento expropiatorio obxecto do escrito de reclamación, sendo competencia da Deputación Provincial.*

**CUARTO.-** *Non se aprecia por esta secretaría ningunha causa de nulidade de pleno dereito do acordo aprobado polo Concello de Bergondo o 31.05.2018, obxecto da solicitude de revisión por parte dos reclamantes, constituíndo un acto administrativo firme.*

**QUINTO.** *O órgano competente para resolver sobre a pretensión deducida é o Pleno municipal, por ser da súa competencia o acto recurrido.*

**SEXTO.-** *O artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en sede de revisión de disposicións e actos nulos, establece:*

**“Artículo 106. Revisión de disposiciones y actos nulos.**

*1. Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1.*



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

2. Asimismo, en cualquier momento, las Administraciones Públicas de oficio, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma si lo hubiere, podrán declarar la nulidad de las disposiciones administrativas en los supuestos previstos en el artículo 47.2.
3. El órgano competente para la revisión de oficio **podrá acordar motivadamente la inadmisión a trámite de las solicitudes formuladas por los interesados, sin necesidad de recabar Dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo de la Comunidad Autónoma, cuando las mismas no se basen en alguna de las causas de nulidad del artículo 47.1 o carezcan manifiestamente de fundamento**, así como en el supuesto de que se hubieran desestimado en cuanto al fondo otras solicitudes sustancialmente iguales.
4. Las Administraciones Públicas, al declarar la nulidad de una disposición o acto, podrán establecer, en la misma resolución, las indemnizaciones que proceda reconocer a los interesados, si se dan las circunstancias previstas en los artículos 32.2 y 34.1 de la Ley de Régimen Jurídico del Sector Público sin perjuicio de que, tratándose de una disposición, subsistan los actos firmes dictados en aplicación de la misma.
5. Cuando el procedimiento se hubiera iniciado de oficio, el transcurso del plazo de seis meses desde su inicio sin dictarse resolución producirá la caducidad del mismo. Si el procedimiento se hubiera iniciado a solicitud de interesado, se podrá entender la misma desestimada por silencio administrativo.”

### CONCLUSIONES:

O trámite de información pública que entenden conculcado os reclamantes, e o que supón segundo o seu escrito prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, non compete a esta administración senón á Deputación Provincial da Coruña na súa condición de titular da estrada e administración expropiante para a execución do proxecto.

Na súa consecuencia, proponse ao órgano competente para a resolución desta reclamación, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Inadmitir a trámite a revisión de oficio do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Bergondo, na súa sesión ordinaria do 31.05.2018, baixo o núm. 4. PROPOSTA PARA A FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO PARA O PROXECTO DE AMPLIACIÓN E SENDA NA DP-0801 DE FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABIO POR S. VICTORIO DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+790. ACORDOS QUE PROCEDAN, solicitada mediante escritos con núm. rexistro de entrada 201999900000235 e 201999900000245 do 18.02.2019 e 20.02.2019 respectivamente, por Vicente Fernández Perles, en representación de algúns titulares afectados polas obras contidas no proxecto DP 0801 DE FRAGA AL CASAL DE SANTA MARTA DE BABÍO POR SAN VICTORIO AMPLIACIÓN Y SENDA, EN EL PK 0+000 AL 0+790 (BERGONDO), por entender que non hai no devandito acordo ningunha infracción do artigo 47.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ao abeiro do disposto no artigo 106.3 da citada Lei.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo aos interesados, con expresión do recursos que poden interpoñer contra o mesmo, así como lugar e prazos para interpoñelos.(...)”

Polo que, consonte co disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, proponse ao Pleno do Concello de Bergondo, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Inadmitir a trámite a revisión de oficio do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Bergondo, na súa sesión ordinaria do 31.05.2018, baixo o núm. 4. PROPOSTA PARA A FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO PARA O PROXECTO DE AMPLIACIÓN E SENDA NA DP-0801 DE FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABÍO POR S. VICTORIO DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+790. ACORDOS QUE PROCEDAN, solicitada mediante escritos con núm. rexistro de entrada 201999900000235 e 201999900000245 do 18.02.2019 e 20.02.2019 respectivamente, por Vicente Fernández Perles, en representación de algúns titulares afectados

Pl.28/02/2019



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

*polas obras contidas no proxecto DP 0801 DE FRAGA AL CASAL DE SANTA MARTA DE BABÍO POR SAN VICTORIO AMPLIACIÓN Y SENDA, EN EL PK 0+000 AL 0+790 (BERGONDO), por entender que non hai no devandito acordo ningunha infracción do artigo 47.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ao abeiro do disposto no artigo 106.3 da citada Lei.*

**SEGUNDO.-** *Dar traslado do presente acordo aos interesados, con expresión do recursos que poden interpoñer contra o mesmo, así como lugar e prazos para interpoñelos.*

*Bergondo, o 25 de febreiro de 2019*

*A Alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”*

A Sra. alcaldesa explica que a competencia do concello foi a aprobación do proxecto e o compromiso dos recursos económicos para os servizos, polo tanto, tal como recolle o informe de Secretaría o acordo do pleno non incumpre ningunha normativa, e o voto do equipo de goberno vai ser nese sentido.

A Sra. concelleira non adscrita manifesta, entre outras cousas, que ela sigue apostando por este proxecto tan demandando polos veciños; considera que o acordo que se pide revisar foi adoptado por unanimidade e non incumpre ningunha normativa. Tamén considera que se aproban a súa nulidade con informes desfavorables, si que se podería incorrer nunha ilegalidade; polo tanto non é favorable a revisar o acordo adoptado no pleno de 31 de maio de 2018.

O Sr. voceiro do PP, di que o seu grupo cre que o grupo de goberno non cumpríu con algo do que ven facendo gala toda a lexislatura, que é a transparencia e a participación cidadá.

O Sr. voceiro de VB, fai alusións ao manifestado no pleno que adoptou o acordo que se pide revisar dando lectura ao manifestado polo seu grupo en dita sesión. A continuación explica, entre outras cousas, que para o seu entender os veciños non foron informados correctamente do proxecto aprobado, que non puideron facer alegacións no seu momento. E por todo iso polo que o seu grupo e o do PP solicitan que se anule o acordo de aprobación do proxecto polo pleno do concello e se retome o expediente falando antes cos veciños afectados.

O Sr. concelleiro non adscrito, Juan A. Fariña Pedreira, di que non deben adoptarse acordos ilegais, que a secretaria é moi clara no seu informe. Di que esta é unha obra da Deputación, cun proxecto feito polos seus técnicos. Pensa tamén que despois deste pleno e do da Deputación, haberá que retomar este asunto cos veciños, e con sosego revisar con eles o que se pode facer, sen intermediarios.

A Sra. alcaldesa da resposta ao manifestado polos voceiros, recalcando, entre outras cousas; en primeiro lugar que o proxecto aprobado por unanimidade dos asistentes no pleno do 31 de maio, estivo a disposición de toda a Corporación e nel se incluía, aparte do proxecto da obra, as expropiacións a levar a cabo. Di tamén que é un proxecto moi demandado é moi traballado, xa que no ano 2001 xa se encargou un primeiro proxecto para a zona. Unha vez aprobado, tamén, o proxecto pola Deputación solicitou que se viñera a explicar aos veciños, aos que se lles convocou en novembro e viñeron, entre outros, un dos autores do proxecto; ese día deuse unha explicación xenérica e se lles dixo aos asistentes que as dúbidas particulares as fosen a consultar á Deputación. En xaneiro logo de ver que os veciños tiñan dúbidas coas expropiacións, volveron a vir ao concello os técnicos da Deputación para explicarlles parcela por parcela os traballos a levar a cabo.





## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos en contra; concelleiros non adscritos: Sr. Fariña Pedreira: un (1) voto a favor; Sr. Babío Veiga: un (1) voto a favor; e Sra. Sanjurjo Seijas: un (1) voto a favor. **Total oito (8) votos a favor e cinco (5) en contra.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase **aprobada, por maioría de votos a favor** a proposta que devén en acordo nos termos antes transcritos

### 6. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 28 de xaneiro ao 22 de febreiro de 2019, ámbolos dous incluídos, numerados do 96/2019 ao 265/2019. O Pleno queda enterado.

### 7. ASUNTOS URXENTES

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.

O Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, manifesta que o seu grupo quere presentar un asunto urxente relacionado co *Proxecto de ampliación e Senda na DP-0801 de Fraga ao Casal de Sta. Marta de Babío por S. Victorio do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+790*; xustifica a urxencia en que, como non hai consenso cos veciños, plantea que se paralicen as obras ata que a Deputación cambie o proxecto.

De conformidade co disposto nos artigos 51 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), e 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, debe someterse ao voto do pleno a declaración de urxencia e a procedencia do seu debate; e por maioría de votos en contra, - cinco (5) en contra do grupo municipal do Partido Socialista; tres (3) a favor do grupo municipal de Veciños de Bergondo; dous (2) a favor do grupo municipal do Partido Popular; un (1) voto en contra do concelleiro non adscrito, Sr. Fariña Pedreira; un (1) voto en contra do concelleiro non adscrito, Sr. Babío Veiga e (1) un voto en contra da concelleira non adscrita Sra. Sanjurjo Seijas- o pleno non aprecia a xustificación da urxencia nin a procedencia do debate da moción.



## 8. ROGOS E PREGUNTAS

A continuación pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións para a os rogos e preguntas. En primeiro lugar contesta as presentadas por escrito no anterior pleno, de 31 de xaneiro de 2019, que quedaron pendentes, e corresponden ao grupo de Veciños de Bergondo.

Os rogos e preguntas presentadas polo Grupo de Veciños de Bergondo a través da Sede Electrónica do Concello, o día 27 de febreiro, ás 9:46 horas, núm. Entrada: 20199000000259, son contestadas neste pleno, segundo recolle artigo 97 do ROF; foron as seguintes:

1.- *¿Después de que vecinos afectados por la falta de previsión de entradas a los garajes presentaran un escrito con firmas solicitándoles que dotaran de ellas a las viviendas y locales, Ustedes publicaron en prensa que las harían. Sin embargo los operarios ya han marchado del lugar continuando con las obras más abajo y sin intención alguna de acometerlas y los vecinos se preguntan si cumplirán con su promesa. ¿Cuándo van a ejecutar las entradas solicitadas?*

2.- *Ustedes publican obras de mejora de la seguridad vial en distintas parroquias colocando iluminación led específica para visibilizar a los peatones que cruzan por los pasos de cebra. También han “plantado” señales de stop y badenes por las carreteras de todo el Concello. Sin embargo, todas estas medidas y señales verticales son insuficientes si tenemos los pasos de cebra borrados o con un pintado muy deficiente que hace que no se vean suficientemente. Un ejemplo de ello son los dos pasos que existen en la actualidad en la carretera que va al Colegio Cruz del Sar: a la salida del recinto de La Senra existen dos pasos muy cercanos entre sí, ambos casi borrados, que confunden al conductor al no saber en cuál de ellos ha de pararse. La carretera pertenece a la Diputación pero es el Concello quien debe de velar por su buen estado y, en caso contrario, denunciarlo y solicitar su reparación y mejora. Esta misma carretera, llegada al cruce con la que va a Betanzos, presenta unos baches cuya reparación venimos reclamando desde hace más de 3 meses. ¿Qué han hecho desde el Concello en todo este tiempo para que finalmente la Diputación corrija y renueve el pintado del paso de cebra y los baches indicados?.*

3.- *Este grupo municipal solicitó el día 5 de este mes que se nos facilitara la documentación relativa a las obras de la senda de Vixoi. En otras ocasiones se ha dado contestación en apenas 2 ó 3 días. ¿Por qué todavía no se nos ha dado contestación para permitirnos acceder a la documentación que consta en este Concello sobre esta obra que está causando tanto descontento entre los vecinos afectados?*

Ningún grupo, nin concelleiro ou concelleira, presentaron mais rogos ou preguntas para esta sesión.

Esta acta foi gravada con vídeo e audio.

Consta no expediente do TEDeC 2019/G010/000002 o vídeo, que está dispoñible no seguinte enlace: <https://https://youtu.be/UZLYhBLRn4>. A pegada dixital desta gravación de video é a seguinte: 51F4CC8325EFED684AF9D18B3E43ED66D1809B1ACF6FCF8E40B0C2CA8CC3EA71

A pegada dixital da gravación de audio é a seguinte:

1440E79D6A16251F56942143F6375B5F26EC26AEAC455EA37636A3A98A762517



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria  
Ana M.<sup>a</sup> Cacharrón Castelos

V. e pr. A alcaldesa  
Alejandra Pérez Máquez

FIRMADO POR Ana María Cacharrón Castelos (FECHA: 21/03/2019 20:22:00) , Alejandra Pérez Máquez (FECHA: 21/03/2019 21:03:00)

Versión imprimible

CVD: DtOYDkNi88wXwR/+jG7S Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.